

Dar raizames

Infantil Montalbán fomenta a interculturalidade nos detalles

Estás na lúa · Carmen Montalbán, Pilar Millán (ilustracións) · Kalandraka, 2008 · 32 páx · 19 euros



Kalandraka vén de publicar *Estás na lúa*, a primeira creación xuvenil da escritora extremeña Carmen Montalbán, unha obra narrada cunha sensibilidade e cunha sinxeleza exquisitas que se completa coas maravillosas –pola súa sinxeleza, colorido e forza– ilustracións de Pilar Millán. Baraka é unha nena saharauí que vive coa súa avoa Baía e as súas tres tías nun poboado do Sáhara namentres o seu pai traballa na construción na Península. A avoa, nun proceso de Alzheimer fulminante, comeza a esquecerlo todo, mesmo ese pasado que anteriormente lle contaba á neta e que se centraba en como fora a súa vida antes da guerra que o cambiou todo. No conflito bélico, o seu home, Abdulá “o Luná-

tico”, falecera coa primeira explosión dunha bomba e ela e o pai de Baraka víranse obrigados a abandonar o seu fogar. Un fogar que, como unha fiestra en conexión coa súa vida anterior, vai lembrar cando os recordos lle produzan idéntica sensación ca un labirinto enguedellado do que non se atopa a saída. Mais a neta, con raizames para as dúas, decidírase a recontarlle o seu pasado, facéndolle pasar polo corazón o perfil das súas pertenzas, a teima do seu querido Abdulá por traballar na NASA ou a importancia do espazo de seu como centro xeométrico dun mundo propio. Para cumprir este obxectivo, a protagonista escribirlle cartas á avoa simulando ser a casa que un día tivo que deixar, e que, paseniñamente, irá mutando en castelo con fantasmas, en chalé en Asturias, en rañaceos en Madrid e en todo o que sexa necesario para reinventarse cada día e espertar a mente adurmiñada de quen a habitou.

Amáis desta relación de estreita complicidade entre Baraka e Baía –afortunadamente non exenta de contradicións–, a obra fomenta unha




Estás na lúa. // Pilar Millán

interculturalidade non presenta nun primeiro plano, mais que se pode apreciar fondamente nos pequenos detalles, nesos que nun principio non teñen importancia. As impactantes sensacións que vive Baraka cando viaxa en avión, o seu especial xeito de percibir a chuvia ou simplemente a importancia que lle concede a unha billa constituíndose en pequenas chaves que suscitarán a reflexión no lectorado. A este fondo

da novela, Montalbán engade esperanza –a protagonista poderá estudar cine cumprindo así o seu soño–, ensinanzas vitais –coma aquela que nos di que certas equipaxes “non van e veñen, senón que están contigo toda a vida”– e a idea de que, no medio do non coñecemento, sempre hai un intre –case máxico– en que se recupera a consciencia de que as raizames, nesta ocasión, son para dúas. // **Montse Pena Presas**


Proxecto Bolboreta · Andrea Maceiras · Xerais, 2008 · 120 páx · 10 euros



LOGO DE OBTENÉRSE en diferentes premios de relato curto, a novísima Andrea Maceiras preséntase para un público máis amplo coa novela *Proxecto Bolboreta*, texto gañador do I Certame de Micronovela de Soutomaior editado por Edicións Xerais. A ficción narra as aventuras dun científico, Hadrián Barcés, que teima en amosar ao mundo que o bater das ás dunha bolboreta nun punto concreto da terra pode provocar unha treboada nun lugar oposto do planeta.

A obra alicérase nas cuestións da investigación científica, a ecoloxía e a utopía, mesturándoas con lugares comúns nos textos xuvenís, como a sorpresa que ás veces é amor ou a importancia do compañeirismo, namentres alterna dúas voces narrativas ben diferenciadas. Por unha banda, a primeira persoa do diario de Hadrián, que dá conta dos pormenores –certamente exhaustivos e para os que se tenta empregar unha linguaxe –pseudo–científica– do proxecto, centrándose nos cambios que efectúa a ondada de aire que o científico perseguirá por diferentes países, sen esquecer tampouco as dificultades da súa longa viaxe, as desilusións que aparecen nese camiñar ou a compañía que vai gañando –entre a que resalta o personaxe dual de Martina, que comeza sendo unha espía pero que acabará uníndose ao seu soño–. Por outra parte, xustapostas á compoñente máis científica da obra, a autora coloca unha serie de historias de personaxes de diversas procedencias –contadas por un narrador omnisciente– que tentan exemplificar como inflúe o “efecto bolboreta” na vida cotiá e que conseguen outorgarlle un interesante contrapunto –se se quere máis humano e mesmo poético– aos diarios do investigador.

A confluencia destas dúas liñas narrativas fan desta obra un conxunto atractivo que, a pesar de posuír algunha que outra dose de inxenuidade, resalta pola súa actualidade –que se vencella coa liña ecoloxista practicada por Francisco Castro n’O ceo dos afogados, de sinxela conexión co lectorado adolescente–, polo seu ritmo acaído –pese a que certas páxinas do dietario se tornan un chisco monótonas– e pola procura dun estilo propio que, polo momento, fica nun ensaio da Maceiras que veremos nos tempos vindeiros. Alén disto, a enxurrada utópica que devén do texto –e que reside na teima por conseguir un fito relevante para a humanidade– percíbese como necesaria nun mundo carente duns valores mínimos globais. Porque *Proxecto bolboreta* tamén lembra ese sentido de comunidade mundial, agora adurmiñado nalgues polos intereses duns poucos. // **M. P. P.**



Ensimesmarse

Infantil Sinxelo e fermoso álbum

Un pato e un coello saen todos os días á mesma hora de cadansúa morada para iren ao seu traballo. Por máis que repiten este acto un día e outro de forma coincidente, non chegan a se ollaren nunca un ao outro. Algo fai que se ignoren sen teren motivo para iso máis aló do seu propio ensimesmamento.

Velaí o sinxelo argumento deste fermoso álbum que resultou gañador do I Premio Internacional Compostela 2008 convocado pólo Concello de Santiago e por Kalandraka Editora. Da autoría da arxentina Natalia Colombo (Bos Aires, 1971),

creadora inédita en Europa, con esta obra dáse a coñecer no vello continente, onde, como sabemos, haberá de competir nun panorama no que cada ano aparecen un bo número de bos álbums. Pero non hai dúbida que se presenta Natalia Colombo cunha obra que, sen ser dunha grande orixinalidade temática nin técnica, sabe resolver en ambos casos cunha eficacia moi estimábel.

A autora dános un álbum de formato cadrado e traballado cunha acertada mestura de técnicas pictóricas entre as que predomina o

acrílico texturado en raias e as figuras perfiladas. Pero o que máis destaca na proposta gráfica deste álbum é a composición da páxina, desde a unitaria á dobre, nas que os omnipresentes personaxes do coello e o parrulo, compartindo espazo co texto, unhas veces manuscrito e outras formado coa técnica do *collage*, fan parte da expresión pictórica. Todo isto feito cunha habelenciosa variedade de propostas de planificación: unhas veces os personaxes ocupan o centro, outras sitúanse nos extremos, hai casos nos que se enfrontan sen se ollaren e hainos nos que se afastan. Hai grandes primeiros planos que ocupan a páxina enteira e hai veces nas que a páxina se

Ilustración de Cerca. // Natalia Colombo

divide en cuadrículas que os repiten e definen...

Mais ao final hai algo que terá que ficar ben claro: o pato e o coello non se encontran porque o seu ensimesmamento llelo impide, perdendo así a oportunidade de seren amigos. Unha obra que abre este importante premio para álbums ilustrados e que ha contar con moi numerosos lectores, tanto infantís coma adultos, que a saborearán con pracer e aproveitamento. // **Xabier P. DoCampo**

Cerca · Natalia Colombo (texto e ilustracións), Manuela Rodríguez (trad.) · Kalandraka, 2008 · 36 páx · 12 euros

